

3

6

PROVINCIA: LUGO

MUNICIPIO: FRIOL

Nº 50.000 } 71
 } 96

Nº Monte: 9

-Exp: 62/75

ID: 503

CARPETA-FICHA DEL MONTE:

// DE CARBALLO //

COMUNIDAD PROPIETARIA

VECINOS DE CARBALLO (P^a.)

CLAVE DEL MONTE

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
LU	20	6.	1

SUPERFICIE
HECTAREAS

716

En la ciudad de Lugo, a 25 de marzo de 1976, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en mano común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación del monte "DE CARBALLO", como monte vecinal en mano común, a tenor de la siguiente resolución:

Visto en el día de la fecha el expediente de clasificación del monte "DE CARBALLO", expediente N° 62/75, del ayuntamiento de Friol, promovido a instancia de la Administración Forestal, y

RESULTANDO.- Que con fecha 24 de mayo de 1975, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en mano común, acordó la iniciación y tramitación del expediente, designando como Instructor al Vocal, D. Antonio Rosón -- Pérez, abogado.

RESULTANDO.- Que con fecha 8 de julio de 1975, se dictó providencia por la que se da comienzo al expediente de clasificación n° 62/75, poniendo por cabeza del mismo, copia del acuerdo del Jurado Provincial, y la documentación aportada.

RESULTANDO.- Que con fecha 8 de julio de 1975, se dictó providencia acordando requerir al ayuntamiento de Friol, para que aportara en el plazo de 15 días: a) Certificación del Registro de la propiedad, relativa al monte "DE CARBALLO"; de 716 has, sito en la parroquia de Carballo; b) Certificación del Inventario de Bienes Municipales, relativa al monte "DE CARBALLO"; c) Certificación del Acuerdo Municipales, relativo al consorcio con el Patrimonio Forestal, para la repoblación del citado monte.

RESULTANDO.- Que con fecha 8 de julio de 1975, se acordó recabar de la Administración Forestal, I.C.O.N.A., certificación relativa a si el monte "DE CARBALLO"; de la parroquia del mismo nombre, del ayuntamiento de Friol, figura incluida dentro del Catálogo de Montes de Utilidad Pública.

RESULTANDO.- Que con fecha 8 de julio de 1975, se dictó providencia acordando la publicación de edicto en el B.O. de la provincia y en el Tablón de Anuncios del ayuntamiento de Friol, poniendo en conocimiento de todos los interesados en el monte "CARBALLO", la incoación del presente expediente de clasificación, a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él, en defensa de sus derechos e intereses, publicación que se llevó a efecto en el B.O. de la provincia N° 167, correspondiente al día 23 de julio de 1975, y en el Tablón de Anuncios del ayuntamiento de Friol, según certificación del Secretario del mismo, de 8 de agosto de 1975.

RESULTANDO.- Que con fecha 2 de septiembre de 1975, se recibió certificación interesada del Instituto Nacional para la Conservación de la Naturaleza, en la que se hace constar que el monte "DE CARBALLO", de la parroquia de Carballo, del ayuntamiento de Friol, no figura incluido dentro del Catálogo de Montes de Utilidad Pública.

RESULTANDO.- Que en la instrucción del expediente, se han cumplido los trámites y formalidades que establece la Ley de Montes Vecinales en mano común, de 27 de julio de 1968 y su Reglamento de 26 de febrero de 1970 así como la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de julio de 1958.

Vistas las citadas Leyes y Reglamento y disposiciones de pertenencia aplicación:

CONSIDERANDO.- Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Man Común, tiene competencia y jurisdicción, para conocer del expediente, que fue promovido por la Administración Forestal, con capacidad y legitimación para ello, habiéndose formulado la iniciación y tramitación del expediente, en su forma y tiempo, todo ello a tenor de lo dispuesto en los artículos 10 y 11 de la Ley de 27 de julio de 1958 y 10 y 18 de su Reglamento.

CONSIDERANDO.- Que para determinar si un monte merece la calificación de vecinal en mano común, se hace preciso concretar si en el mismo, concurren los requisitos reales que establecen los artículos 1° de la Ley

de Montes Vecinales en Mano Común y 1ª del Reglamento, a saber: a) Que su pertenencia está atribuida a determinados vecinos agrupados en aldeas, lugares o parroquias, en claridad de tales, en proindivisión, con independencia de su origen, en comunidad germánica o mano común; b)-9 Que tal comunidad de vecinos, no esté constituida formalmente en entidad municipal.


CONSIDERANDO.-Que el monte "CARBALLO", está perfectamente identificado tanto por el ayuntamiento de Friol, como por la Administración Forestal, y en tal concepto fué consorciado, asimismo fué identificado por los vecinos que comparecieron en el expediente de investigación unido en el que unánimemente se reconocen con derecho a los aprovechamientos que sobre el citado monte puedan obtenerse, a partes iguales.

CONSIDERANDO.- Que cualquiera que hubiese sido la propiedad del monte "DE CARBALLO" en tiempos remotos, los efectos de la prescripción extraordinaria regulada por el artículo 1959 del Código Civil, legitiman la titularidad de los actuales aprovechadores.

Este Jurado Provincial, a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas, ha acordado:

1ª.- Clasificar el monte "DE CARBALLO", como se describe en el expediente 62/75, como monte vecinal en mano común, perteneciente en régimen de copropiedad germánica a los vecinos de la parroquia de Carballo, del ayuntamiento de Friol.

2ª.- Que se remita certificación de la resolución firme de este Jurado al Registrador de la Propiedad, para la inscripción del monte "DE CARBALLO", a nombre de la comunidad titular del mismo, a tenor de lo dispuesto en el apartado a) del artículo 30 del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común.

The block contains several handwritten signatures and stamps. On the left, there is a signature that appears to be 'M. M. M. M. M.'. In the center, there is a large, stylized signature that looks like 'Carlos'. To the right of this, there is a signature that looks like 'Vicente'. Below these, there is a signature that looks like 'Sebastián de la Vega'. There are also some circular stamps or marks, one of which appears to be a large 'X' or a similar symbol.

CLAVE DEL MONTE

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N. monte
LU	20	6	1

● 3. - ESTADO FISICO

Ref.* Índice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Estos montes de la parroquia de CARBALLO estan formados por varias parcelas independientes entre sí, separadas por las fincas particulares, y distribuidas por todo el término parroquial. Además de algunos enclaves entre fincas, el resto forma tres nucleos principales:

En la parte O., limitando con el municipio de Toques (La Coruña) queda emplazada una parcela que de Marco das Pias sigue hacia el S. la citada divisoria hasta Costa do Corno do Boy; consiste en laderas de bajada hacia el E., con altitudes comprendidas entre los 650 y 758 m.

La parte central está cruzada por el rio de Candalde, al que bajan desde el N. las lomas de Cordal y desde el S. las de Serra; el terreno es tambien de suave pendiente, con altitudes comprendidas entre los 560 y 660 m.

En el extremo E. estan las laderas de subida a la divisoria de Relucín con las parroquias de Giá y de Ramelle.

Prov. *	Munic.	Comunidad Pasa.	N.º monte
LU	20	6	1

Ref. Índice

CLAVE DEL MONTE

3.1

La parcela de Relucín esta cruzada por la carretera de Friol a Sobrado; los otros montes tienen acceso por caminos de servicio desde los pueblos, tambien enlazados por el N. con la citada carretera.

3.2

SUPERFICIE.

En conjunto, 716 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000

3.3

LINDEROS.

Los del término parroquial son:

N.- Términos y montes de la parroquia de Silvela.

E.- Término de la parroquia de Rocha y término y monte de la de Ramelle.

S.- Término y montes de la parroquia de Gíá.

O.- Término municipal de Tiques (La Boruña)

3.4

DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

El perímetro de todo el término de la parroquia de CARBALLO, comprendiendo todos los montes, las fincas particulares y los mismos pueblos, puede describirse empezando por el extremo N.O. en Marco das Pias, donde estan las "tres rayas" de

		Prov. *	Munic. *	Comunidad Prop. *	N.º monte
	CLAVE DEL MONTE	LU	20	6	1
3.4	este municipio de Friol con los de Toques y Sobrado de la provincia de La Coruña. Desde aquí empieza a dividir por el N. con montes y términos de la parroquia de Silvela bajando hacia el E. por Cordal de Silvela hasta Castro. Por el E. divide con términos de la parroquia de Rocha bajando desde Castro hacia el S. E. hasta un arroyo, por el que empieza a dividir de N. a S. con término y montes de la parroquia de Ramelle con la que sube después a Marco Relucín. Aquí concurren también además de la citada parroquia de Ramelle, Mas de Prado y Giá. Con esta última divide por el S. en dirección S.O. por la Loma de Relucín, cruzando el Arroyo de Candaide, subiendo a Serra y continuando hasta Costa do Corno do Boy. desde aquí divide por el O. con el término municipal de Toques (La Coruña), siguiendo hacia el N. el límite entre municipios y provincias por Siete Fuentes hasta Marco das Pias, donde se comenzó.				
3.5	OBSERVACION SOBRE LIMITES CON FINCAS PARTICULARES El límite de este monte con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que éstas han invadido terrenos de monte que han sido parcelados. Se ha llegado con los límites				

Prov.*	Munic.*	Localidad Prog.*	N.º monte
LU	20	6	1


Ref.* Índice

CLAVE DEL MONTE

3.5

de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al monte de referencia.

En caso de que este monte llegara a ser calificado como vecinal en mano común, tal vez fuera necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.





Juan Carlos López Seijas, secretario en funcións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **14 de xuño de 2018**, figura o seguinte acordo:

Monte DE CARBALLO (expediente 62/75), pertencente aos veciños da parroquia de CARBALLO, do concello de FRIOL, clasificado polo Xurado con data 25 de marzo de 1976. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data 30 de maio de 2018, o Servizo de Montes, elabora unha proposta de novo esbozo para o monte ao constatar un solapamento con zonas de concentración parcelaria, adaptándoo á planimetría do proceso de concentración, estimando a inexistencia de variación substancial da superficie do monte. Tendo en conta o anterior, o monte DE CARBALLO, queda cunha superficie de 672,325 hectáreas, de conformidade coa nova cartografía. Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, ACORDA aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co dito.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.





XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente

nº: 62/75

Resolución recurso de reposición

PRESIDENTA: Dña. María Olga Iglesias Fontal. VOGAIS: D. Carlos Vázquez Díaz, D. Antonio José López-Acuña Herrero, Dña. Josefina Pereira de la Riera. SECRETARIA: Dña. Lucía Belver Quiroga.

Na cidade de Lugo, o día 27 de marzo de 2019, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que se relacionan, reunido na sala de xuntas da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte RESOLUCIÓN: Visto no día da data o recurso de reposición interposto contra o acordo de revisión do esbozo do monte DE CARBALLO, no concello de FRIOL, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO:

I.- Na reunión do Xurado do 14/06/2018, acordouse aceptar a proposta do Servizo de Montes, pola que se procedía á revisión do esbozo para o monte ao constatar un solapamento con zonas de concentración parcelaria, adaptándoo á planimetría do proceso de concentración, estimando a inexistencia de variación substancial da superficie do monte.

II.- O día 06/08/2018, Esther Quiroga Rodríguez, presenta un recurso de reposición no que solicita que se exclúa do perímetro do esbozo a parcela 3323 do polígono 420 do parcelario catastral de Friol.

III.- O día 06/08/2018, Carlos Sánchez Pazos presenta recurso de reposición solicitando que se exclúan do perímetro do esbozo as parcelas 3363 do polígono 420, 78 do polígono 372 e 245 do polígono 370.

IV.- O día 08/08/2018, Eladio Bello Castro presenta recurso de reposición solicitando que se exclúan do perímetro do esbozo as parcelas 205 e 256 do polígono 370.

V.- O día 09/08/2018, José Manuel Combo Villar presenta recurso de reposición no que solicita que se exclúan do perímetro do esbozo as parcelas 3303 do polígono 420, 5 do polígono 375 e 17 do polígono 376.

FUNDAMENTOS DE DEREITO E CONSIDERACIÓNS LEGAIS:

I.- A Lei 7/2012, de montes de Galicia, establece o seguinte na súa Disposición transitoria decimoterceira no relativo a revisión de esbozos de montes veciñais en man común

<<1. Os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que esixen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade.

2. Para estes efectos, o xurado provincial de montes veciñais en man común, de oficio ou por instancia de parte, poderá solicitar á Administración forestal unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal en man común. Na proposta non poderán incluírse parcelas que figuren inmatriculadas no rexistro da propiedade a favor de persoas físicas ou xurídicas distintas á comunidade veciñal de montes.

3. Unha vez aceptada a proposta polo xurado, poñerase en coñecemento da comunidade propietaria e publicarase no Diario Oficial de Galicia para o resto de posibles interesados.



4. Aceptada a revisión, poderase proceder á marcaxe dos montes veciñais, que en todo caso se axustará ao plano que resulte da dita revisión. A marcaxe poderá ser realizada de oficio pola propia Administración forestal ou por instancia das comunidades propietarias.

5. Si durante la revisión ou marcaxe se suscitan cuestións relativas á propiedade, poñeráse fin ao procedemento, dentro del perímetro cuestionado, sen máis trámites. Este acordo de finalización e arquivo parcial do procedemento non será susceptible de impugnación na vía administrativa, sen prexuízo da facultade dos interesados de acudir á vía xurisdiccional civil, por ser esta a competente para dirimir tal controversia>>.

--> En relación ás alegacións presentadas por Esther Quiroga Rodríguez:

- A parcela 3323 do polígono 420 reclamada por Esther Quiroga Rodríguez, non estaba incluída no esbozo orixinal do monte e quedou incluída na proposta de revisión ao ter atribuída a titularidade catastral a nome da comunidade do monte veciñal en man común de Carballo.
- Aporta unha escritura pública de herdanza do seu pai, na que a mellora adxudicándolle exclusivamente esta parcela.
- De acordo co exposto, conséntase a existencia dun conflito de propiedade e conforme ao establecido na Disposición transitoria 13ª. 5 da Lei 7/2012 de montes de Galicia, procedería poñer fin a este procedemento con respecto a esta parcela e excluíla do perímetro cuestionado.

--> En relación ás alegacións presentadas por Carlos Sánchez Pazos:

- A parcela 3363 do polígono 420, que reclama Carlos Sánchez Pazos non estaba incluída no esbozo orixinal do monte.
- Esta parcela figura ao seu nome no Catastro e no Rexistro da Propiedade.
- Por outra banda as parcelas 78 do polígono 372 e 245 do polígono 370 estaban parcialmente incluídas no esbozo orixinal pero puido constatarase unha falta de precisión da cartografía do esbozo, e ambas parcelas están a nome do recorrente no Catastro e no Rexistro da Propiedade.
- Conforme ao establecido na Disposición transitoria 13ª. 2 da Lei 7/2012 de montes de Galicia, na proposta non poderán incluírse parcelas que figuren inmatriculadas no rexistro da propiedade a favor de persoas físicas ou xurídicas distintas á Comunidade veciñal, polo que procede excluílas da proposta de revisión, sen prexuízo do disposto no punto 5 da dita disposición transitoria.

--> En relación ás alegacións presentadas por Eladio Bello Castro:

- As parcelas 205 e 256 do polígono 370 reclamadas por Eladio Bello Castro estaban parcialmente incluídas no esbozo do MVMC de Carballo.
- Están inscritas no Rexistro da Propiedade a nome do reclamante e ten atribuída tamén a titularidade catastral.
- Conforme ao establecido na Disposición transitoria 13ª. 2 da Lei 7/2012 de montes de Galicia, na proposta non poderán incluírse parcelas que figuren inmatriculadas no rexistro da propiedade a favor de persoas físicas ou xurídicas distintas á Comunidade veciñal, polo que procede excluílas da proposta de revisión, sen prexuízo do disposto no punto 5 da dita disposición transitoria.

--> En relación ás alegacións presentadas por José Manuel Combo Villar:

- A parcela 3303 do polígono 420 reclamada por José Manuel Combo Villar, non estaba incluída no esbozo orixinal do monte de Carballo, pero figura no Catastro e no Rexistro da Propiedade a nome de José Manuel Combo e María Josefa Currás.
- As parcelas 5 do polígono 375 e 17 do polígono 376, estaban parcialmente incluídas no esbozo orixinal do monte veciñal, e a súa titularidade catastral corresponde á Comunidade propietaria do monte. O recorrente non aporta acreditación algunha da titularidade sobre as ditas parcelas.



- Conforme ao establecido na Disposición transitoria 13ª. 2 da Lei 7/2012 de montes de Galicia, na proposta non poderán incluírse parcelas que figuren inmatriculadas no rexistro da propiedade a favor de persoas físicas ou xurídicas distintas á Comunidade veciñal, polo que procede excluír da proposta de revisión unicamente a parcela 3303 do polígono 420, sen prexuízo do disposto no punto 5 da dita disposición transitoria.


II.- O día 04/03/2019, o Servizo de Montes, elabora un informe en relación cos recursos presentados e no que se detectan certas desviacións na proposta de revisión do esbozo con respecto da planimetría catastral e da liña do límite municipal do IXN, que consideran preciso corrixir. Tamén se comproba que nas zonas que foron obxecto de revisión do esbozo foron incluídas por erro parcelas con titularidade catastral atribuída a propietarios particulares e que procede excluír.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, ACORDA:

ESTIMAR integramente os recursos de reposición interpostos por Esther Quiroga Rodríguez, Carlos Sánchez Pazos e Eladio Bello Castro; e, parcialmente o interposto por José Manuel Combo Villar (este último con respecto á parcela 3303 do polígono 420) modificando a resolución recorrida. Como consecuencia de todo o dito, o monte de Carballo queda cunha superficie de 667,9 ha e coa planimetría que figura no informe do Servizo de Montes do 04/03/2019.

DESESTIMAR o recurso presentado por José Manuel Combo Villar con respecto ás parcelas 5 do polígono 375 e 17 do polígono 376, confirmando a resolución recorrida.

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, e co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **30.10.2024**, figura o seguinte acordo:

MVMC **Carballo** (exp. 62/75), pertencente aos veciños da parroquia de Carballo; e MVMC **Ramelle** (exp. 75/78), pertencente aos veciños da parroquia de Ramelle. Ambos montes no concello de **Friol**.

O 30.9.2022 tivo entrada unha solicitude (mellorada o 20.12.2022) relativa ao acordo de deslindamento levado a cabo por avinza entre as anteditas comunidades, en canto á liña divisoria que separa os seus montes veciñais. Aportan acta de deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Procedemento con número de expediente **2022_289**.

O 27.8.2024, o Servizo de Montes emite un informe no que se recollen as modificacións que se producen como consecuencia do deslindamento acordado e se especifican as seguintes superficies resultantes:

- MVMC **Carballo**: 675,68 hectáreas.
- MVMC **Ramelle**: 69,74 hectáreas.

Examinada a documentación presentada, o xurado, por unanimidade, **ACORDA** aprobar o deslindamento practicado e proceder ás oportunas modificacións nos respectivos expedientes.


Para que conste, para a súa remisión á **parte interesada**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da acta da sesión á que se fai referencia, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal





Asinado por: FRAGA SAENZ, SANTIAGO
Cargo: Xefe Área Técnica de Montes e Ordenación do Territorio
Data e hora: 27/08/2024 10:52:52

Asinado por: ALTAMIRANO CABEZA, RAFAEL
Cargo: Xefe Área Técnica de Montes e Ordenación do Territorio
Data e hora: 23/08/2024 18:13:54

Asinado por: GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, MANUEL
Cargo: Xefe Área Técnica de Montes e Ordenación do Territorio
Data e hora: 27/08/2024 11:00:19



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes

Plano:
Deslinde por avinza entre os montes veciñais
en man común "Carballo" (exp. 62/75) e
"Ramelle" (exp 75/78)

Lugo, 08 de xullo de 2024. Carpeta: 2022_289

Monte: MVMC Carballo.
Pertenza: CMVMC Carballo.
Concello: Friol.
Sup. previa: 667,91 ha.
Sup. revisada: 675,68 ha.

Monte: MVMC Ramelle.
Pertenza: CMVMC Ramelle.
Concello: Friol.
Sup. previa: 77,51 ha.
Sup. revisada: 69,74 ha.

Escala 1:20.000

PLANO 3: PROPOSTA DE DESLINDE POR AVINZA

Visto e prace
O Xefe do Servizo de Montes

Manuel González Fernández.

O Xefe de Área Técnica

Santiago Fraga Saénz

O Técnico redactor

Rafael Altamirano Cabeza

62/75 Carballo_posterior

75/78 Ramelle_posterior